

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (a C11 á C12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- En caso de erro tipográfico ou de transcripción entre o texto editado en galego e o editado en castelán, do cuestionario bilingüe, prevalece este último aos únicos efectos da súa comprensión lóxica, sen prexuízo das aclaracións vinculantes que de viva voz poida advertir o tribunal durante a realización desta proba. Así mesmo, algúns termos técnicos, neoloxismos ou outras expresións de difícil correspondencia na tradución, poderán expresarse de maneira unívoca.
- 9.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, quen se atope en comisión de servizos:

- A) Terá dereito á reserva da súa praza ou posto de traballo.
- B) Pasará á situación de servizos especiais no seu centro de orixe.
- C) Deberá participar no primeiro concurso de traslados que se convoque para a súa categoría ou especialidade.
- D) Unicamente poderá permanecer tres meses nesta situación.

2. De conformidade coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, NON forma parte das retribucións básicas:

- A) O soldo.
- B) O complemento de destino.
- C) Os trienios.
- D) As pagas extraordinarias.

3. Segundo o disposto no Estatuto de Autonomía, a Xunta de Galicia:

- A) Pode asinar tratados internacionais, con excepción daqueles que teñan carácter militar.
- B) Esta composta polo Presidente, Vicepresidente ou Vicepresidentes, Conselleiros, Secretarios Xerais e Directores Xerais.
- C) Pode ditar, en caso de extraordinaria e urxente necesidade, disposicións legislativas provisionais que tomarán a forma de Decretos–leis.
- D) Responde politicamente ante o Parlamento.

4. De conformidade co Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección de persoal fixo:

- A) Efectuarase con carácter xeral polo procedemento de concurso–oposición.
- B) Non pode realizarse polo sistema de oposición.
- C) Debe axustarse a unha taxa de reposición de efectivos.
- D) Non pode realizarse polo sistema de concurso.

5. De conformidade coa Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco, o tempo mínimo de permanencia na situación de excedencia voluntaria por interese particular será de:

- A) 5 anos.
- B) 2 anos.
- C) 10 anos.
- D) Non existe tempo mínimo.

6. A 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, ten por obxecto:

- A) A regulación de todas as estruturas e servizos públicos ao servizo da saúde.
- B) A regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde.
- C) Establecer as bases para que a poboación acadese e manteña o maior nivel de saúde posible.
- D) Coordinar a organización e xestión do conxunto dos servizos asistenciais do Sistema Nacional de Saúde.

7. Segundo a Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica:

- A) Debe ser única por paciente en todo o Sistema Público de Saúde de Galicia.
- B) Debe ser destruída tras o falecemento do paciente.
- C) Debe conter suficiente información para identificar ao paciente.
- D) Debe elaborarse en soporte electrónico.

8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, define os “danos derivados do traballo” como:

- A) As lesións físicas sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- B) As enfermidades, patoloxías ou lesións sufridas con motivo ou ocasión do traballo.
- C) As enfermidades, patoloxías ou lesións derivadas da utilización dun equipo de traballo.
- D) As lesións derivadas do traballo que non teñan a súa causa nas características persoais do traballador.

9. Segundo a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, correspóndelle á Consellería de Sanidade:

- A) A aprobación da ordenación territorial de Sistema Público de Saúde de Galicia.
- B) A aprobación da estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.
- C) A proposta sobre incorporación de novas prestacións no Sistema Público de Saúde de Galicia.
- D) A aprobación do Plan de Saúde de Galicia.

10. Entre os seguintes, indicar cal é un órgano de dirección dunha estrutura de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde:

- A) Dirección de Procesos Asistenciais.
- B) Dirección Médica.
- C) Dirección de Organización e Sistemas.
- D) Dirección Operativa.

Preguntas de reserva

1. Segundo a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, o Servizo Galego de Saúde:

- A) Está dotado de plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.
- B) É unha axencia pública adscrita á Consellería de Sanidade.
- C) Denomínase tamén Sistema Público de Saúde de Galicia.
- D) Está adscrito ao Consello da Xunta.

2. O Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- A) Non regula a provisión de postos de carácter directivo.
- B) Regula, entre outras materias, o sistema de actualización de méritos das persoas aspirantes a nomeamentos temporais.
- C) Impón a avaliación, cada catro anos, do desempeño dos cargos directivos.
- D) Regula, entre outras materias, a provisión de postos de xefatura e coordinación.